



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA CORUÑA (COSITAL CORUÑA) E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Consellería de Facenda e Administración Pública- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. O Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña (en diante COSITAL Coruña) é unha Corporación de Dereito Público que agrupa ás persoas funcionarias que integran a escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal, sempre que exerzan ou teñan exercido as funcións reservadas legal e regulamentariamente aos habilitados estatais no ámbito territorial da provincia da Coruña e que ten como fins esenciais no ámbito territorial da Coruña os de colaboración coas Administracións Públicas competentes na ordenación da profesión de Secretario, Interventor ou Tesoureiro de Administración Local, a realización de cantas actuacións redunden na mellora e beneficio dos intereses xerais da cidadanía destinataria das funcións públicas reservadas aos Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, así como a representación da profesión e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados nas súas relacións coas Administracións Públicas e fronte a calquera poderes públicos e entidades con competencia ou relación co exercicio das súas funcións, xa sexan nacionais ou internacionais.

(2) Obxecto

O convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O instrumento convencional que se asinará ten por obxecto a realización das seguintes actuacións:

- A) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- B) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa





difusión.

- C) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- D) Cantas outras actividades que sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto do convenio.

(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para os anos de vixencia.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase co COSITAL Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2024, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, podendo prorrogarse de forma expresa por anualidades naturais.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinada dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete.

